

NEVE

Subo ao monte de Baronzás e a paisaxe vira allea, hostil. Hai algo de perda en cada ollada, pero en canto vexo a cegoña no curuto dunha árbore, sinto o aloumiño da infancia porque alí, naquel atallo que nos levaba ao río, adoitaba aniñar a ave zancuda que trouxera á miña irmá nun caloroso mes de setembro.

Detéñome no punto máis alto deste monte doméstico, familiar, onde a nosa imaxinación entrañaba lobos e monstros inexistentes que caían de noite con mañas felinas, e dende aquí busco o perfil da miña pequena patria: as Casas Baratas, rodeadas agora por unha expansión urbanística que non é quen de borrar esas dúas enormes pedras fitas que semellan ter esmaltado o ceo no azul das súas baldosiñas. A construción aínda impón unha pegada de modernidade sobre a chaira húmida, sempre sometida pola ollada xeométrica das torres medievais, feridas na súa altiveza histórica por estes edificios sociais, por estes dous bloques, cinco portais, cincuenta vivendas, case douscentos veciños: todo un mundo. Aínda semellan dous barcos de pedra varados nas beiras lendarias da lagoa de Antela, coa súa proa ao sur e un vento de soidade na súa concepción urbana. Porque as Casas Ba-

ratas estaban no arrabalde da vila e o seu radio de vida non ía alén dos cincuenta metros. A partir de aí, todo era periferia, e mesmo a casa do Ferreiro ou a tenda da señora Bernardina, que estaban a tiro de pedra, xa ficaban fóra das extremas do barrio. Con todo, as Casas Baratas eran daquela un espazo privilexiado para vivir, e o carácter pexorativo do seu nome só se consolidaría xa na democracia cando a posibilidade económica dos primeiros veciños procurou unha estampida cara a vivendas máis amplas e céntricas.

Podería facer hoxe o censo exacto de toda esa veciñanza na que, a pesar da diversidade, a meirande parte traballaba no sector dos servizos. Así, gardas civís, municipais, ordenanzas, mestres, traballadores do matoiro, costureiras, xastres, zapateiros e mesmo un enterrador, compuñan o perfil dos habitantes deste territorio que, aínda estando a pouco máis de trescentos metros do centro da vila, tiña carácter de seu, independente.

Dende este monte de Baronzás, as monumentais Casas Baratas teñen hoxe unha aparencia inerte, e nada fai agoirar actividade humana. Mais se pecho os ollos a miña ollada cae na súa monotonía diaria e a vida entra nun rebulicio de barrio. Sei que é unha ollada melancólica, que se nega a confirmar a perda e procura nesa arcadia de pedra os retallos que foi arrombando o tempo e o esquecemento. Hai nesta ollada unha emoción primitiva que escravella no tremor mitolóxico deste meu pasado que trato de alongar o máis posible. É se cadra a miña imaxinación a que acariña, de súpeto, a vertixe dos meus case tres anos cando chego a este territorio afectivo e toco o desexo xeado dun achado: a neve. De primeiras,

é unha visión fuxidía na que a miña nai recolle na palma da man as folerpas grosas mentres ri cun riso máis grande ca ela mesma. Está feliz esmagando a neve coas mans. Non debe de ser a primeira vez que a ve, mais ela sente a nevada cunha alegría de descuberta. De alí a un nada, afundido xa no abismo misterioso do tempo, sacódeme un golpe de pánico porque a percepción axiña toca de cheo a memoria, e unha película en branco e negro desprégase no meu interior: os meus pais lévanme da man e eu divírtome tripando a neve con pasiños de neno. Anoi-tece. Un gorro ruso e unha bufanda anoada ao pescozo protéxenme do frío luminoso que respira todo ese manto branco que borrou a vexetación e as casas.

Mamá non di nada; na súa cara leva debuxada a euforia da neve e do traslado. Papá empurra a porta e mándaa pasar cun ridículo aceno de cabaleiro. Xusto nese momento, a mamá pónselle no rostro un sorriso europeo, aristocrático, e no seu sangue debe de ferver o fluído do progreso até lle facer sentir a calor do seu orgullo. Agora si cre ver culminado o seu desexo furioso de fuxir da aldea.

Entramos no piso, e non entendo moi ben esa alegría nena de mamá, que, posuída, percorre ao chou os cuartos coma se estivese xogando ás escondedelas con ela mesma. Aínda que vai frío dentro da casa, sinto nostalgia da neve e camiño polo corredor estreito coa esperanza de que as folerpas callasen nas baldosas. Pero non hai nada e o baleiro das paredes bate en min cun forte cheiro a pintura.

Papá introduce unha bombona na estufa e fai estalar o sorriso breve dun misto, que lle acende o seu rostro se-

rio. Achégome a este lume moderno, que xa non me cega os ollos coma na aldea, e divírtome vendo cómo as placas adquiren un vermello cada vez máis intenso; a súa calor acaba por derreter o meu desexo de neve.

Mamá, ebria de novidades, non para de abrir e pechar portas e caixóns. Diante da vella Singer, acariña o frío metal da máquina co mesmo afago que empregaría comigo. Despois senta a mexar no retrete e tira da trenza metálica da cisterna dúas ou tres veces. Está contenta con esta queixa moderna da auga, e na súa cabeza debe de se debuxar agora a figueira do Pardieiro de Tosende, baixo a cal aínda se convocan as necesidades maiores.

Papá, máis sereno, goza desa ansiedade e partilla comigo a súa felicidade doméstica porque belisca a punta xeada do meu nariz e dime que mañá vou coñecer moitos rapaces.

Esmagados polo lume catalítico, os dous seguimos os pasos históricos de mamá, que percorre esta xeografía de apenas setenta metros cadrados co mesmo abandono que se estivese a se perder nun pazo. A euforia das súas palabras debúxanos os obxectos cos que, de memoria, vai decorando os espazos: aí, o cadro da voda; alí, o Sagrado Corazón de Xesús; alí, o tapiz dos cervos; alí, a mesa braseiro co tapete que fixo a avoa Pepa; alí, a radio... A vontade da súa paixón exerce sobre nós unha suxestiva iluminación e, de alí a un nada, a casa xa adquiriu unha anticipada domesticidade que retén a memoria.

O entusiasmo de mamá vai esmorecendo co cansazo e, por fin, decide poñer a pota de auga ao lume, sinal evidente de que o día rematou. Cando ferve, colle unha rolla e baleira a auga quente nun funil abocadado na bol-

sa de goma, que a mete entre as sabas e a move polo centro desa cama enorme na que vou durmir esta noite. Papá lévame polo aire; sinto nas miñas axilas de plastilina a calor robusta das súas mans esgrevias e déixome afundir na molície deste leito largacío que non ten nada que ver co berce de madeira.

Fico só e o silencio novo da casa fáiseme tan mesto que non son quen de durmir. Pouco a pouco, a luz indecisa dos farois entra no cuarto e tece un veo cobreado no que evolucionan sombras como ameazas certas. Pecho os ollos para esconxurar as pantasma da noite e recupero o desexo da neve e non deixo de dar voltas na cama durante unha ou dúas horas até que, no cuarto do lado, papá e, sobre todo, mamá, dan en erguer intermitentes ouveos de ledicia, unha euforia que endexamais eu tería comprendido de non me ter posto de pé sobre a almofada e apegar o nariz á fiestra xeada. Só así puiden alcanzar o significado daquel escándalo e engadir a miña alegría á súa, para celebrarmos xuntos o lento pousar da neve sobre as Casas Baratas.